

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 10.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 10 de outubro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 8143 (10/PNC-000856)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da exención da cota da xarda para a pesca accidental galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.2 11801 (10/PNC-001186)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da rebaixa do imposto sobre o valor engadido para os produtos pesqueiros e marisqueiros do 10 % ao 4 %
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017
- 1.3 15384 (10/PNC-001332)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e despois do período estival, dos proxectos de acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, segundo os convenios asinados co Concello de Poio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.4 15406 (10/PNC-001335)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego, a través do Consello Galego de Pesca, dun informe que reflicta as actuacións desenvolvidas en Galicia

para o cumprimento da normativa vixente en materia de descartes
pesqueiros e as propostas para aumentar a súa flexibilidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

- 1.5 15418 (10/PNC-001340)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre a realización polo Goberno galego de campañas de sensibilización
da sociedade co fin de erradicar o furtivismo e a solicitude aos concellos
costeiros da súa adhesión a elas, así como da súa colaboración na loita
contra esa actividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.6 15471 (10/PNC-001342)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a apertura polo Goberno galego dunha investigación en relación coa
morte masiva do cabalón ou xarda pintada en determinadas zonas de
Galicia, en concreto, na ría de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.7 17121 (10/PNC-001428)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para o
recoñecemento dos palangreiros, cerqueiros e arrasteiros como frota
conxeladora, así como o dereito dos mariñeiros que traballan nela ao
máximo coeficiente redutor da idade de xubilación, e as demandas que
debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017
- 1.8 17228 (10/PNC-001435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha estratexia de
recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con
medidas concretas contra a perda de ingresos ocasionada aos colectivos de
mariscadores pola súa mortalidade ou falta de capturas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 02/10/2017 13:17:02

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8143(10/PNC-000856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de
Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da exención
da cota da xarda para a pesca accidental galega

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8143
Data envío: 20/04/2017 17:56:04.028

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos peches da xarda para artes menores levados a cabo no ano 2017.

Dende que se estableceu o novo modelo de reparto estamos a vivir un sinvivir na pesquería da xarda. Das 1.020.996 ton. que se repartiron na NEACF ao Estado español correspondéronlle 38.010 ton., as cales hai que descontarlle 5.553 ton., quedando a ridícula cota de 32.446 ton.

O reparto é tan discriminatorio que este ano tivemos que ver como federacións provinciais como a de Lugo e A Coruña optaban por xestionar a súa cota, dado que lles favorecía en comparación a outras como Pontevedra. Unha iniciativa avalada polo recente presidente da Federación española de confrarías, o que pon de manifesto o modelo que vai defender o señor Basilio.

No sector de artes menores, as embarcacións que teñen como obxectivo esta especie puidemos comprobar a ruína do mesmo por ter que desprazarse ao Golfo de Viscaia, cos custes que tiveron, algunha pequenas embarcacións que tiveron que trasladar os seus barcos en camión e o pouco que durou a pesquería,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8143
Data envío: 20/04/2017 17:56:04.028

por non falar que desenvolveron a súa actividade ao lado de outras flotas en condicións discriminatorias. Un mesmo barco galego, pescando a beira dun basco coas mesmas características, os mesmos tripulantes tivo dereito a pescar menos cantidade de xarda, menos días e no peor dos casos cando o prezo baixa a menor prezo que un barco basco ou cántabro. Este o modelo que defende o Goberno galego.

Pero si esta tropelía non fose suficiente, decrétese un peche precautorio na Coruña, por terse esgotado a cota para pesca accidental, que con anterioridade estaba limitada a 300 quilos a semana. Si esta medida era desproporcionada a do peche precautorio significa que as nosas embarcacións teñen que tirar ao mar a xarda pescada accidentalmente mentres outras embarcacións a poden pescar libremente nas nosas augas e descargalas nos nosos portos con total legalidade.

Isto fainos reflexionar sobre o modelo de xestión dunha pesquería estratéxica para o sector de artes menores como a da xarda, das medidas que se veñen imponendo dende a Comisión europea, da xestión realizada polo Magrama e a inactividade por parte da Xunta de Galiza, que é incapaz de definir unha estratexia para conseguir o mantemento da actividade da nosa flota e blindar o emprego que xera.

O ano pasado o peche para artes menores foi o 27 de agosto, e para solventar o problema o sector tivo que solicitar un adiantamento da cota para poder facer fronte a unha medida desproporcionada, levada a cabo con total improvisación que deixou ao pairo a unhas 400 embarcacións galegas. Este ano as artes menores contaron cun modelo de reparto individual por provincia e de novo asistimos ao peche provisional o pasado 13 de marzo sen ter en conta que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8143
Data envío: 20/04/2017 17:56:04.028

esta é unha pesca accidental, que unha vez morta a xarda hai que tirala ao mar, que este despropósito imposibilita a actividade de artes como as vetas, os trasmallos e os miños. Ao enmallar a xarda, impide a pesca doutras especies, e o que é peor a faena estriba unicamente en tirar o peixe morto ao mar en vez de poder pescar outras especies convertendo a actividade en ruínosa e ilegal.

Unha situación kafkiana onde a Federación na vez de reclamar a exención de cota, bóttalle a culpa aos armadores por non transmitir os datos e onde a Xunta de Galiza está totalmente ausente, sen tomar ningunha medida que resolva o problema e garanta a actividade dos nosos pescadores.

Ponse en evidencia unha xestión calamitosa, con un goberno galego sen iniciativa, incapaz de garantir os ingresos e o mantemento do emprego, con situacións discriminatorias e medidas de peche abusivas que unicamente contribúe á perda dun dereito de pesca histórico, a someter ao sector a unha pesca irregular e o abandono da actividade.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego esixir ao Magrama a exención de cota para a pesca accidental galega.”

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 17:56
Nº Rexistro: 8143
Data envío: 20/04/2017 17:56:04.028

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/04/2017 17:44:42

Noa Presas Bergantiños na data 20/04/2017 17:44:47

Olalla Rodil Fernández na data 20/04/2017 17:44:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/04/2017 17:44:54

Xosé Luis Bará Torres na data 20/04/2017 17:44:58

Ana Pontón Mondelo na data 20/04/2017 17:45:01

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 11801(10/PNC-001186)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da
rebaixa do imposto sobre o valor engadido para os produtos
pesqueiros e marisqueiros do 10 % ao 4 %

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8.^a**, sobre a redución do IVE dos produtos pesqueiros e marisqueiros do 10% ao 4%.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os produtos do mar son ricos en proteínas, vitaminas, minerais e ácidos graxos e representan unha das bases para garantir unha alimentación saudable. Os expertos da materia indican que o recomendable é comer peixe entre tres e catro veces por semana, sen embargo, máis da metade dos cidadáns recoñecen que non chegan a cubrir estas recomendacións. Existen casos extremos como que o 6% das persoas indican que nunca toman pescado, mentres que aqueles que só o fan unha vez á semana chega ao 30%.

A tendencia nos últimos anos indica que o consumo, tanto de pescado como de marisco, estase reducindo. Segundo datos do Ministerio de Agricultura e Pesca entre os anos 2013 e 2016 a cantidade de produtos pesqueiros consumidos nos fogares baixou un 3,18% en Galicia e un 9,23% no resto do Estado español. Consumir menos peixe e marisco do recomendable é un dos factores que pode conlevar problemas graves para a saúde. Segundo o informe elaborado pola ONG Xustiza Alimentaria Global, cada ano morren en España 90.000 persoas por enfermidades relacionadas con unha alimentación insán.



Un dos problemas principais polo que as persoas reducen o consumo de peixe e marisco é polo seu elevado custo. Existe unha relación directa entre o poder adquisitivo e o consumo de produtos do mar, xa que aqueles fogares que ingresan menor cantidade de cartos tamén consumen menos peixe e marisco.

Desde En Marea consideramos que os produtos do mar representan un dos eixos fundamentais para garantir unha dieta saudable. Que actualmente estes produtos teñan un IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) do 10% é excesivo, xa que se debería pasar ao 4% para equipararse a produtos básicos tales como o leite, pan, froitas ou verduras, entre outros.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta para que inste ao Goberno central a que se reduza o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) para produtos pesqueiros e marisqueiros do 10% ao 4%.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 11801
Data envío: 06/07/2017 16:27:52.685

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:20:19

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:20:28

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 15384(10/PNC-001332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e despois do período estival, dos proxectos de acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, segundo os convenios asinados co Concello de Poio

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 15384
Data envío: 05/09/2017 12:33:30.662



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

No ano 2009, o Concello de Poio e Portos de Galicia chegaban a acordos para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó. En concreto, para a reordenación das zonas con tráfico rodado, permiso do tránsito peonil por toda a fronte marítima, dotación de zonas de estacionamento delimitadas, rehabilitación de pavimentos, disposición de elementos de mobiliario urbano, e sinalización e dotación de todos os servizos necesarios para a infraestrutura. Ata a Xunta de Galicia chegou a orzamentar tales acordos para os exercicios 2009 a 2011.

Non obstante, en novembro de 2009, o propio Concello tiña que aprobar unha moción (cos votos en contra do PP) demandando o cumprimento dos convenios asinados. Dende entón, o Goberno e Portos de Galicia permanecen mudos, pese a que os proxectos ata contan coa autorización do Servicio Provincial de Costas do Estado, que xa permitiu facer un par de obras puntuais.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través de Portos de Galicia, poña en marcha, despois do período estival, os proxectos correspondentes aos Portos de Covelo e Raxó (no Concello de Poio), de acordo cos convenios asinados, sempre fóra de época estival por se tratar dunha zona eminentemente turística.

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 15384
Data envío: 05/09/2017 12:33:30.662



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2017 17:45:27

María Dolores Toja Suárez na data 04/09/2017 17:45:37

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2017 17:45:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2017 17:45:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15406(10/PNC-001335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, a través do Consello Galego de Pesca, dun informe que reflicta as actuacións desenvolvidas en Galicia para o cumprimento da normativa vixente en materia de descartes pesqueiros e as propostas para aumentar a súa flexibilidade

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 13:36
Nº Rexistro: 15406
Data envío: 05/09/2017 13:36:05.257

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

No marco do proceso de debate sobre a Reforma da Política Pesqueira Común adoptouse a decisión controvertida de prohibir os descartes pesqueiros: esa práctica que consiste en devolver ao mar os peixes que, capturados de xeito accesorio nos aparellos de pesca, non interesan por razóns de especie, tamaño ou por cuestións de límite de cotas.

O PP defendeu en diferentes ocasións que a decisión de prohibir os descartes pesqueiros era lesiva para a flota galega, e que debería flexibilizarse a súa aplicación para evitar afectacións sobre os aspectos económicos e sociais das pesquerías e mesmo sobre o ambiental.

En principio os Estados membros, como a Xunta, son partidarios de suavizar a prohibición dos descartes, que esta práctica non se prohiba dun día para outro. Esta postura de suavizar ata 2019 a prohibición dos descartes foi sempre defendida polo PP.

A dificultade práctica da aplicación da minoración e eliminación de descartes das especies accesorias pon nunha difícil situación á frota, xa que nin podería pescar certas especies nin tampouco podería devolvelas ao mar. Esta situación ameaza con obrigar aos barcos a quedarse amarrados en porto antes de consumir as súas cotas para outras especies con interese comercial, unha medida obrigada para evitar as tan temidas multas por sobrepesca.

Hai que ser tamén conscientes do intenso traballo que nos últimos anos se levou a cabo por parte da propia frota e das administracións galega e española para tratar de avanzar cara ao cumprimento desta normativa, posto de manifesto nas xornadas recentemente celebradas en Vigo e nas que participaron representantes de diversas rexións europeas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 13:36
Nº Rexistro: 15406
Data envío: 05/09/2017 13:36:05.257

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, e a través do Consello Galego de Pesca, a elaborar un informe que recolla as accións desenvolvidas na nosa comunidade a prol de acadar o cumprimento da normativa sobre descartes e as propostas de cara a acadar unha maior flexibilidade da que ofreceu Bruxelas ata o momento para os descartes pesqueiros”.

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 13:23:47

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 13:24:13

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 13:24:30

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 13:24:41

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 13:25:10

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 13:25:39

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 13:25:56

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 13:26:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 15418(10/PNC-001340)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a realización polo Goberno galego de campañas de sensibilización da sociedade co fin de erradicar o furtivismo e a solicitude aos concellos costeiros da súa adhesión a elas, así como da súa colaboración na loita contra esa actividade

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15418
Data envío: 05/09/2017 14:31:18.065

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8^a Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

O furtivismo é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, xa que por unha banda menoscaba á economía no sentido en que laboralmente afecta aos profesionais ao minorar os seus ingresos pola minoración dos recursos e a baixada de prezos por sobreoferta de produto, comercialmente dana a propia imaxe dos produtos, que ven como aqueles que foron obtidos e comercializados sen as debidas garantías suplantando a súa valía e aproveítanse do bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar- industria.

Por outra banda, perxudica tamén á saúde pública porque esta falta de seguridade alimentaria pode provocar serios riscos de intoxicación e, por último, ao medio ambiente porque agrede aos recursos mariños que, segundo os casos, pode chegar a ser irreparable.

Cómpre ser conscientes por parte de toda a poboación de todos os riscos que conleva esta actividade ilegal,

Tamén somos coñecedores de que a cadea que fornece a actividade extractiva ilícita funciona grazas á demanda comercial dos seus produtos, polo que é tan importante desalentar a propia extracción coma a súa compra e consumo.

Neste senso, e alén das propias recomendacións públicas de consumir produtos adquiridos só polas canles legais, téñense realizado campañas publicitarias en anos anteriores orientada a ese fin, e que se difundiu en medios de comunicación social da nosa comunidade autónoma. Esta acción enmarcouse nunha orientación das medidas cara a cobertura de toda a cadea comercial dos produtos furtivos.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15418
Data envío: 05/09/2017 14:31:18.065

Aplaudimos o traballo levado a cabo pola Consellería do Mar, que sempre ten entre as súas prioridades a de poñer todos os medios que estean ao seu alcance para combater e erradicar o furtivismo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar realizando campañas de sensibilización que cheguen a toda a sociedade no seu conxunto co obxectivo de conseguir entre todos e todas erradicar a actividade ilegal do furtivismo.
2. – Dirixirse aos concellos costeiros para que se sumen a esta campaña e a colaborar, a través da coordinación da FEGAMP, na loita contra esta actividade ilícita no marco das súas competencias”

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 14:20:29

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 14:20:45

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 14:20:56

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 14:21:03

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 14:21:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15418
Data envío: 05/09/2017 14:31:18.065

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 14:21:33

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 14:21:46

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 14:22:02

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 14:22:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 15471(10/PNC-001342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha investigación en relación coa morte masiva do cabalón ou xarda pintada en determinadas zonas de Galicia, en concreto, na ría de Vigo

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 15471
Data envío: 05/09/2017 16:37:58.773



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Hai uns días, un vídeo dado a coñecer polo biólogo Manuel E. Garci fíxose viral, xa que mostraba miles de cabalóns, (*Scomber japonicus*) mortos na pradeira de Zosteira marina da cara este da Illa de Toralla (Ría de Vigo).

Trátase dunha especie, tamén coñecida como xarda pintada, non sometida a cota, que se atopa abundantemente en toda Galicia este ano, e cun valor en lonxa máis baixo que o doutras especies. Polo tanto, son varias as hipóteses que se barallan respecto das posibles causas da morte desta gran cantidade de cabalóns: a aparición dun banco de peixes de maior valor, capturas accidentais, a imposibilidade de almacenaxe de toda a captura, ou incluso a advertencia dos servizos de salvamento. O que si que queda claro é que non se trata dunha causa natural de morte.

En calquera caso, trátase dun tema reincidente e práctica común que está a ocorrer non só en Toralla, senón tamén noutros lugares e hábitats sensibles, que requiren dunha solución, xa que ocasionan un problema ecolóxico e incluso poden constituír un problema sanitario.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a abrir unha investigación en relación coa morte masiva do cabalón ou xarda pintada, en determinadas zonas de Galicia, en concreto na ría de Vigo.

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 15471
Data envío: 05/09/2017 16:37:58.773



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/09/2017 16:34:01

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2017 16:34:20

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/09/2017 16:34:30

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 17121(10/PNC-001428)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para o recoñecemento dos palangreiros, cerqueiros e arrastreiros como frota conxeladora, así como o dereito dos mariñeiros que traballan nela ao máximo coeficiente redutor da idade de xubilación, e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos deputados **Carmen Santos Queiruga** e **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Partido Popular intenta esconder recortes aos dereitos á xubilación dos mariñeiros disfrazándoos de “obrigas provenientes de Bruxelas”. Novamente, o partido do Goberno tira a pedra e esconde a man para non facerse responsable do desmantelamento dun sector estratéxico para Galicia

A comezos de 2017, preguntado sobre o regulamento de rexistro comunitario da frota pesqueira (que non incluía palangreiros, cerqueiros e certos arrastreiros que até entón se consideraban conxeladores), Karmenu Vella, comisario de Pesca, respondeu que lle correspondía o Goberno español levar a cabo os cambios necesarios para garantir que os barcos conxeladores manterían o coeficiente redutor para a xubilación do 0,40. Por esta razón, urxíuselle a facer as modificacións pertinentes para evitar que se produciran recortes nos dereitos dos traballadores e das traballadoras do mar.

Non obstante, vimos de coñecer que o Estado español ten a intención manifesta de non respectar o coeficiente redutor que lle correspondía a unha gran parte da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17121
Data envío: 21/09/2017 11:17:32.231



flota galega. Isto podería supoñer o retraso na idade de xubilación de milleiros de mariñeiros galegos.

Recordemos que os coeficientes redutores, que permiten que os traballadores se retiren antes dos 65 anos cobrando a pensión íntegra, non son privilexios, senón dereitos conquistados que compensan as durísimas condicións de certas actividades profesionais. Así, os mariñeiros e mariñeiras terían que ser compensadas polas largas estadías en alta mar e polas esixencias tremendas da súa labor.

Segundo as centrais sindicais, a decisión do Goberno de non aplicar ás persoas que traballan na frota conxeladora galega o coeficiente redutor do 0,4 figura nunha circular interna do Instituto Social da Mariña (ISM). De ser así, confirmaríase que o Estado mentiu á xente do mar cando lle dixo que respectaría os seus dereitos.

Este sería o desenlace a unha disputa que leva prolongándose dende fai tres anos, cando se detectaron moitos casos de mariñeiros aos que lles faltaban anos de cotización para xubilarse porque a Dirección Xeral da Mariña Mercante lles modificara os coeficientes redutores. Para tentar solucionar o asunto, a Mariña Mercante e a Capitanía Marítima pediu aos armadores a documentación que certificaba que os buques eran efectivamente conxeladores. A pesar de que isto foi constatado, o ISM continuou aplicando coeficientes redutores menores do debido.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 8.^a**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar as medidas oportunas que permitan recoñecer que os palangreiros, cerqueiros e arrastreiros constitúen frota conxeladora e que, polo tanto, teñen dereito ao máximo coeficiente redutor.
2. Solicitar ao Goberno do Estado a que realice as accións oportunas para manter os coeficientes redutores dos mariñeiros e mariñeiras que traballan na frota conxeladora, nos termos en que os viñan disfrutando con anterioridade.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea
Juan José Merlo Lorenzo
Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 21/09/2017 11:05:04

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/09/2017 11:05:09

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 17228(10/PNC-001435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con medidas concretas contra a perda de ingresos ocasionada aos colectivos de mariscadores pola súa mortalidade ou falta de capturas

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, instando a Xunta de Galiza a aprobar unha estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de captura.

A escasos días do comezo da temporada do marisqueo na ría de Arousa encontrámonos con unha situación que se repite dende o ano 2012, en que se constatou a propagación da marteilia que provocou a mortalidade dos bancos de berberecho. Isto é: con que ningún dos problemas foi enfrontado, co cabreo dos patróns maiores das diferentes confrarías que non encontran na consellaría do Mar un interlocutor válido as súas demandas e con unha realidade: que cando comece a campaña a problemática da mortalidade do berberecho seguen se encontrárselle unha solución, a recuperación de moluscos no banco dos Lombos do Ulla segue na mesma situación. E o resto dos bancos seguen a soportar un exceso de presión pola falla de moluscos abocando os mesmos ao seu esgotamento. O reló segue sen darselle unha solución axeitada a pesares de que foi o propio sector o que levou a cabo un estudo para demostrar que era viable a súa extracción e comercialización. Mentres a Consellaría tercamente segue negándose a adoptar ningunha medida das que demanda o sector.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 17228
Data envío: 21/09/2017 18:15:22.138

Isto supón que o colectivo d@s mariscador@s de Arousa van pasar por un novo calvario sen que a administración aportara solucións, máis aló de intentar cargarlle ao sector a responsabilidade de xestión dos bancos e instando con entregarlle os bancos de libre marisqueo e que sexan eles por si mesmos o que realicen a xestión dos mesmos.

A esta situación de auténtica angustia polos indicios de como están os principais bancos marisqueiros do Bohído e dos Lombos do Ulla aportados polas confrarías que apuntan que hai moita cría pero poucos bivalvos de tamaño regulamentario, mentres que no Cabío os dados son totalmente desoladores, contrasta coa parsimonia da consellaría do Mar a hora de ofrecer resultados na investigación das causas e na adopción de medidas para minorar as consecuencias e as posibles perdas ao sector extractivo.

De feito levan anunciado reiteradamente que o berberecho se ía recuperando de forma natural, pero ano tras ano o resultado é o mesmo. Hai moita cría pero cando alcanza un tamaño regulamentado acaba morrendo. Tampouco sabemos de ningunha medida para impedir que a marteilia chegue a outras rías e incluso se ten dado o caso de que os furtivos teñen levado os escasos ensaios.

Estes días tamén volve ser noticia o furtivismos, vendo como a estratexia de convertelo en delito penal acaba diluíndose sen que se aporte outras solucións máis que a colaboración ocasional do Servizo de Gardacostas con outros corpos de seguridade.

Neste contexto faise necesario establecer unha estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de capturas que debe incluír:

- Información constante da investigación da mortalidade do berberecho e resultados dende o ano 2012.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 17228
Data envío: 21/09/2017 18:15:22.138

- Incluir as demandas do sector trasladadas nas diferentes mesas de diálogos cos patróns maiores de Arousa, de medidas concretas que permitan a recuperación dos bancos dos Lombos do Ulla, do Bohído ou do Cabío,
- - Garantir o acceso a semente das especies principais para garantir a repoboación do recurso. Limpeza de bancos, eliminación de depredadores e recuperación do substrato.
- Darlle dunha vez solución aos problemas de extracción do reló e remate dos problemas de contaminación.
- Información coa antelación suficiente das previsións da próxima campaña : días de actividade, quilos, especies, etc.
- Axudas ao sector en caso de mortalidade ou escaseza de marisco que implique perda de ingresos por encima do 35% para o conxunto d@s mariscador@s e non unicamente para os de a flote..

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aprobar unha estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de captura.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 17228
Data envío: 21/09/2017 18:15:22.138

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 18:14:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 18:14:50

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 18:14:52

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 18:14:55

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 18:14:56



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 17228
Data envío: 21/09/2017 18:15:22.138



Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 18:15:03